



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018




ÍNDICE

2018 en cifras	8
Orzamento da FGE	8
Fundación Galicia Europa: achegando Europa e Galicia	9
Equipo da Fundación Galicia Europa	11
Padroado da Fundación Galicia Europa	12
 I. Defensa dos intereses galegos en Europa	13
1. Comité Europeo das Rexións	15
2. Reunións de alto nivel entre Galicia y Bruselas	19
3. Participación de Galicia no Consello da UE	24
4. Contribución de Galicia ao debate sobre Política Rexional 2021-2027	29
5. O papel de Galicia na Rede Transeuropea de Transporte	33
6. Aplicación da política pesqueira común en Galicia	35
7. Brexit	37
8. Participación en redes de cooperación rexional	41
9. Promoción de Galicia en Bruxelas	45
 II. Fomento da participación galega en proxectos europeos	47
1. TecEuropa	49
2. Participación da FGE nos proxectos Lidera e Eurocidade 2020	51
3. Apoio aos actores galegos de I+D+i: presenza de GAIN en Bruxelas	54
4. Reunións de proxectos europeos con participación galega na sede da Fundación Galicia Europa	57
 III. Información sobre a UE en Galicia	61
1. Portal Web	62
2. Redes Sociais	63
3. Revista ECO	63
4. Posta en marcha da web brexitgalicia.eu	63
 IV. Formación e sensibilización sobre a realidade europea	65
1. Posta en marcha do Foro Galego do Brexit	66
2. Outros foros sobre Europa en Galicia	69
3. Programa de becas FGE	71
4. Visitas de grupo a Bruselas	73
5. Orientación laboral a mozos no ámbito comunitario	75
 ÍNDICE DE SIGLAS	77

2018 EN CIFRAS

- △ 35.700 beneficiarios.
- △ 23 eventos do Comité Europeo das Rexións con participación de Galicia.
- △ Organización de 17 visitas á capital comunitaria.
- △ Participación en 10 foros de debate en Bruxelas.
- △ Máis de 4.800 seguidores en redes sociais.
- △ 140 noticias publicadas na páxina web.
- △ Difusión de 45 convocatorias e 18 buscas de socios para participar en proxectos europeos.

PRESUPUESTO DE LA FGE (779.599 €)



FUNDACIÓN GALICIA EUROPA: ACHEGANDO EUROPA E GALICIA

nace en 1988 coa misión de manter unha oficina galega en Bruxelas e promover o achegamento entre Galicia e Europa. Vinculada á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas. Desde 2010, a Fundación forma parte do sector público autonómico de Galicia como ente instrumental, e en 2015, o Decreto de Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia recoñece o seu mandato “para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado”.



O labor da FGE xira ao redor de dous grandes obxectivos: unha mellor comunicación da actividade comunitaria en Galicia e a defensa das posicións galegas no contexto europeo. Para conseguilo, traballa en catro grandes ámbitos:

I.Defensa dos intereses de Galicia ante a UE. A FGE realiza un seguimento das políticas comunitarias, presta apoio e asesora aos representantes galegos nas institucións e órganos comunitarios, organiza visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas, fomenta a participación galega nos foros de debate que teñen lugar na capital comunitaria e colabora con outras rexións no marco de

diferentes redes de cooperación para defender intereses comúns.

II.Promoción da participación galega en proxectos europeos. A FGE brinda información e presta asesoramento para que cada vez sexan máis as entidades galegas que participan en proxectos europeos, chegando a involucrarse como socio en proxectos que lle resulten de interese.

III.Información sobre a Unión Europea en Galicia. A evolución das políticas europeas, as posibilidades de financiamento comunitario e as oportunidades de emprego e prácticas nas institucións son os tres principais eixos de información europea facilitada pola FGE. Faino a través do seu portal web, que ofrece a posibilidade de subscrición a un boletín de alertas, e das redes sociais.

IV.Formación e sensibilización sobre Europa en Galicia. Nos seus case 30 anos de existencia, preto de 500 persoas tiveron a oportunidade de coñecer de preto a UE a través das súas bolsas de formación. Ademais, a FGE organiza en Galicia todo tipo de actos para explicar a Unión Europea aos galegos.

XUNTA
DE GALICIA

ABANCA

DEPUTACION

PROTECCIÓN PROFESIONAL DE LUGAR

gain

ZFY



PADROADO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Presidente:

Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia.

Vicepresidente:

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Secretaria:

Marta Viñas Hylas-Bernoud, asesora xurídica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Director:

Jesús M^a Gamallo Aller, director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

Vogais:

- △ Valeriano Martínez García, conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia.
- △ Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.
- △ José González Vázquez, conselleiro de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- △ Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar da Xunta de Galicia.
- △ David Regades Fernández, delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.
- △ Santiago Novoa García, director de banca institucional en ABANCA.
- △ Valentín González Formoso, presidente da Deputación de A Coruña.
- △ Álvaro Santos Ramos, deputado da Deputación de Lugo.
- △ Patricia Argerey Vilar, directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

EQUIPO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Director

Jesús María Gamallo Aller

Directora da oficina de Bruxelas

Ana Ramos Barbosa

Equipo técnico para a análise e a información de políticas da UE:**Oficina de Bruxelas**

Vanessa Lobo Casas – Coordinadora técnica de políticas europeas

Isabel Vázquez Conde – Delegada da

Consellería de Medio Rural e do Mar

Administración e secretariado:**Oficina de Santiago de Compostela:**

María Belén Rodríguez Martín – Responsable de administración

María Pilar Louro García – Auxiliar administrativa

Oficina de Bruxelas:

Marlene Fernández González – Responsable de administración

Oficina de Información Europea para a Mocidade:**Oficina de Santiago de Compostela:**

Pilar del Oro Sáez

Bolseiros:**Oficina de Santiago de Compostela:**

Alberto Escobar Rivas (hasta setembro)

María Morgade Cortés

Jose Luis Maiz Somoza (setembro-novembro)

Abel Fernández Vidal (novembro-febreiro 2019)

Oficina de Bruxelas:

Aida Ferreiro Amil (ata novembro)

Saraí Suárez Louzao

Jose Luis Maiz Somoza (novembro-febreiro 2019)

Ángela Muñiz Varela – Comunicación

Asmaa Lamhadoual Errifai – Administración



I.DEFENSA DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA



1. Comité Europeo das Rexións

Galicia lidera un ditame sobre o futuro FEMP

Sendo Galicia a rexión europea máis beneficiada polo FEMP, a Comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité Europeo das Rexións (CdR) outorgoulle o liderado da redacción do ditame “O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) máis aló do 2020: un investimento nas comunidades costeiras de Europa” ao presidente Alberto Núñez Feijóo, como membro titular deste órgano en representación de Galicia. Este ditame foi debatido e aprobado na sesión plenaria do CdR do 16 de maio polo propio relator e coa colaboración da experta designada para a súa redacción, a conselleira do Mar, Rosa Quintana. Unha das características principais do ditame, segundo resaltou Núñez Feijóo durante o debate, é que a súa redacción reflicte o alto grao de participación de todos os actores interesados, tanto doutras rexións e municipios europeos como representantes do sector. En efecto, en xaneiro realizouse unha primeira consulta entre os axentes interesados na que participaron unha trintena de organizacións e, posteriormente, foi debatido na comisión NAT nun par de ocasións. O proxecto de ditame recibiu 11 emendas no debate en comisión do mes de marzo e 35 na sesión plenaria. Tras negocialas cos outros membros e presentar 11 emendas de compromiso, o ditame aprobouse por unanimidade.

Este ditame permitiu influír na redacción da proposta de regulamento do futuro FEMP que a Comisión Europea publicou en xuño, xa que esta recolle a grandes trazos as demandas de Galicia, especialmente en canto ao **apoio á frota costeira artesanal e á diversificación da actividade económica nas zonas costeiras**. Tamén serviu de base para a elaboración do posterior ditame do CdR sobre a proposta de Comisión, que foi adoptado en outubro. Galicia presentou, ademais, 10 emendas a este novo ditame nas que resaltaba a necesidade de que o futuro fondo apoie a renovación da frota para mellorar a seguridade dos pescadores e para aumentar o atractivo da actividade pesqueira.

Tamén no ámbito marítimo, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, interveu en xaneiro nunha audiencia pública sobre acuicultura organizada polo Parlamento Europeo (PE) para lembrar as recomendacións do ditame do CdR “**O futuro da acuicultura europea**”, do que foi relator en 2015. Este ditame identificaba os obstáculos que dificultan o bo desenvolvemento deste sector, recomendando posibles solucións desde o punto de vista das rexións e municipios, como a simplificación dos procedementos administrativos e do acceso ao espazo, a importancia de fomentar a innovación no sector ou a necesidade de promover os mercados locais. Esta audiencia, na que tamén participaron representantes da Comisión Europea, das principais asociacións europeas de produtores e das ONG ambientais, serviu de base para a elaboración dun informe de propia iniciativa no Parlamento Europeo por parte do eurodeputado español Carlos Iturgaiz.

Galicia defendeu a necesidade de que o futuro FEMP reforce o seu apoio á frota costeira artesanal e á renovación de toda a frota con fin de aumentar o atractivo da actividade pesqueira



O presidente da Xunta e a conselleira do Mar na presentación do ditame do CdR sobre o futuro FEMP

O futuro da UE a debate entre os líderes rexionais e locais

Ao longo do ano 2018, o CdR **aprobou 78 ditames e 5 resolucións**. Entre eles destaca o titulado **“Reflexionar sobre Europa: a voz dos entes locais e rexionais para reconstruír a confianza na Unión Europea”** elaborado polo presidente do CdR, Karl-Heinz Lambertz, e o vicepresidente primeiro, Markku Markkula. Galicia defendeu a inclusión neste texto do cambio demográfico como un dos desafíos máis importantes aos que se enfronta Europa.

Ademais, os dirixentes locais e rexionais avaliaron as propostas legislativas para o marco financeiro plurianual 2021-2027 presentadas en maio pola Comisión e, entre outros, formularon a súa posición sobre como mellorar as disposicións xerais que regulan os principais fondos da UE: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, o Fondo Social Europeo Plus e os programas de Cooperación Territorial Europea.

En canto ás resolucións aprobadas, destaca a dedicada ás **repercusións para os entes locais e rexionais da Unión Europea da decisión do Reino Unido de abandonar a Unión Europea**, aprobado na sesión plenaria de maio.

Ademais, houbo debates moi relevantes en cada unha das sesións plenarias con destacados representantes políticos como o primeiro ministro de Portugal, António Costa, o vicepresidente primeiro da Comisión Europea, Frans Timmermans ou o xefe negociador europeo do Brexit, Michel Barnier. Os comisarios de Orzamento, de Acción polo Clima, de Migración e de Política Rexional tamén compareceron nalgún dos seis plenos celebrados para expoñer os avances en cada unha das súas carteiras.

Os dirixentes
rexionais e
locais instaron á
Unión Europea a
tomar medidas
para suavizar
o impacto da
retirada do
Reino Unido, e
reclamaron un
orzamento da
UE que estimule
as economías
rexionais



Vista do 132º pleno do CdR nun debate sobre o Brexit con Michel Barnier



Jesús Gamallo na visita de estudo de CIVEX celebrada en Emilia-Romana



Jesús Gamallo na reunión do Comité Executivo do Centro Norte-Sur do Consello de Europa



A Raíña Doña Letizia con Jesús Gamallo nos Días Europeos de Desenvolvemento



Alberto Núñez Feijóo cos presidentes da Ríoxa e Aragón e o vicepresidente do Parlamento Europeo no seminario sobre cambio demográfico celebrado en Logroño

Galicia participa en máis de 20 reunións e actos do CdR

Máis aló da actividade plenaria, a FGE asistiu a Jesús Gamallo, en tanto que membro suplente do Comité das Rexións, na súa participación en cinco reunións da **Comisión de Recursos Naturais (NAT)** e outras cinco da **Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX)**, entre as que destaca a celebrada en setembro en Atenas xunto ao comisario europeo de Migración, Dimitris Avramopoulos. Os membros de CIVEX recalcaron a necesidade de redobrar os esforzos para a integración dos migrantes e de involucrar aos entes rexionais e locais na procura de solucións aos retos da UE en materia de seguridade.

De especial relevancia tamén foi a participación nos **Días Europeos de Desenvolvemento**, onde Jesús Gamallo representou ao Comité Europeo das Rexións no seu stand. Baixo o título “Mulleres e nenas á vangarda do desenvolvemento sustentable”, este gran evento celebrado en xuño abordou a igualdade de xénero e o empoderamento e participación de mulleres e nenas como parte esencial para conseguir un desenvolvemento sustentable. Entre outras personalidades, a estas xornadas asistiron Raíña Dona Letizia, o presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker, a vicesecretaria xeral da ONU, Amina Mohammed, e a directora executiva de ONU Mulleres, Phumzile Mlambo-Ngcuka.

Por outra banda, a finais do mes de xuño o presidente da Xunta de Galicia participou nun seminario organizado na Ríoxa polo CdR sobre o reto demográfico baixo o título “**Europa e o cambio demográfico: un enfoque integrador, sustentable e colectivo**”. Nel, os líderes rexionais e locais europeos instaron a incluír no futuro orzamento da Unión Europea medidas específicas para as rexións máis afectadas polos retos demográficos como o envellecemento ou o éxodo rural. Alberto Núñez Feijóo sinalou que a evolución demográfica é un dos problemas estruturais da UE e non entende de fronteiras nacionais.

En outubro, Jesús Gamallo participou nun **intercambio de boas prácticas organizado por CIVEX na rexión italiana de Emilia-Romana**, coa finalidade de poñer en común estratexias para informar e implicar aos cidadáns europeos nos debates sobre o futuro de Europa e nas eleccións ao Parlamento Europeo de 2019. Nese mesmo mes, Jesús Gamallo, representou en Tunes ao Comité Europeo das Rexións (CdR) no **Comité Executivo do Centro Norte-Sur do Consello de Europa**, onde resaltou a importancia e valor engadido da cooperación continuada entre ambas institucións. En concreto, Gamallo incidiu no rol esencial que desempeñan os entes subestatais á hora de abordar a radicalización e o extremismo violento entre os mozos.



2. Reunión de alto nivel entre Galicia e Bruxelas

Seis membros do goberno galego visitaron Bruxelas en 2018 para, no exercicio das súas funcións, manter encontros con diversos representantes das institucións comunitarias. Nestas visitas, a FGE prestou todo o apoio necesario identificando os interlocutores máis adecuados nas institucións europeas, preparando as axendas e prestando o asesoramento loxístico e técnico necesario para o seu bo desenvolvemento.

Núñez Feijóo defende os intereses de Galicia no inicio do debate sobre o orzamento comunitario 2021-2027

En maio, tivo lugar unha visita institucional do **presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo**, celebrada no medio de dúas datas clave na axenda comunitaria: dúas semanas despois de que a Comisión publicase as súas propostas sobre o futuro Marco Financeiro Plurianual (MFP) e dúas semanas antes de facerse públicas as propostas de regulamentos de todos os fondos comunitarios para ese período.

O presidente da Xunta e cinco conselleiros visitaron Bruxelas en 2018 para manter encontros con altos representantes das institucións comunitarias

O presidente da Xunta xunto ao presidente do Parlamento Europeo, Antonio Tajani



Así pois, a Fundación Galicia Europa deseñou unha axenda de traballo para o Presidente co obxectivo de defender os intereses galegos no orzamento comunitario 2021-2027. Constou de tres citas fundamentais: defensa do ditame sobre o futuro Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro (FEMP) no CdR, reunión coa comisaria de Política Rexional, Corina Cretu -quen adiantou que España saíra ben parada na proposta de regulamentos da futura Política de Cohesión- e reunión co presidente do Parlamento Europeo, Antonio Tajani, como institución competente de aprobar, xunto co Consello, as propostas legislativas dos fondos. No seu encontro con este último, Núñez Feijóo analizou as principais inquedanzas de Galicia en relación coa axenda comunitaria como o Corredor Atlántico de Transporte, o envellecemento da poboación, o deseño da futura PAC e o Brexit.

A visita complementouse cunha recepción para celebrar os **30 anos de presenza de Galicia en Bruxelas** a través da Fundación Galicia Europa, que contou con numerosos altos cargos das institucións europeas como eurodeputados, a entón directora xeral de Orzamentos da Comisión e pouco despois ministra española de Economía, Nadia Calviño, diplomáticos españois e o “lobby galego” en Bruxelas, composto por galegos e persoas con intereses en Galicia que traballan maioritariamente nas institucións comunitarias.



A FGE celebrou
os seus 30 anos
de traballo
en favor dos
intereses
galegos ante
as institucións
comunitarias





A conselleira do Mar coa directora de Política Pesqueira do Atlántico de DG MARE

Galicia entrega á Comisión Europea un informe sobre o impacto do Brexit no sector pesqueiro galego

A **conselleira do Mar, Rosa Quintana**, desprazouse en sete ocasións a Bruxelas en canto que experta designada para a redacción do ditame do CdR sobre o futuro FEMP, para participar no Consello de Pesca da UE e para presentar á Comisión Europea un informe sobre o impacto económico previsto na pesca galega dun eventual Brexit duro. Neste encontro celebrado en maio, foi recibida na Dirección Xeral de Asuntos Marítimos da Comisión Europea (DG MARE) pola directora de Política Pesqueira do Atlántico, Helene Clark e por representantes do equipo de Michel Barnier, o negociador da Comisión Europea para o Brexit. O estudo do que se fixo entrega foi elaborado pola USC e cifra unhas posibles perdas para a pesca galega de máis de 533 millóns de euros en caso de que a súa frota non puidera acceder ao caladoiro do Gran Sol. Ante esta realidade, Quintana fixo fincapé na importancia de conseguir un acordo do Brexit a longo prazo que contemple o acceso mutuo ao recurso, ás zonas pesqueiras e ao mercado, e que proporcione un marco de xestión equilibrado, con capacidade de garantir a sustentabilidade das poboacións pesqueiras.

Nesa mesma viaxe, a conselleira do Mar acudiu á Seafood Expo Global, a maior feira mundial de produtos do mar que se celebra anualmente en Bruxelas, para apoiar ás empresas galegas no establecemento de contactos comerciais. No marco desta feira, a conselleira participou na presentación do informe sobre os hábitos dos consumidores de pescado do proxecto europeo "PrimeFish", do que forma parte o Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar).



A conselleira do Mar xunto ao comisario de Medio Ambiente e Asuntos Marítimos, Karmenu Vella, na Seafood Expo Global



A conselleira de Medio Ambiente no 10º Aniversario do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía



A Xunta aborda a loita contra o cambio climático coas autoridades europeas

A entón **conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato Otero**, pola súa parte, desprazouse a Bruxelas en febreiro para participar na cerimonia do décimo aniversario do Pacto de Alcaldes polo Clima e a Enerxía, e ratificar a adhesión da Xunta a este pacto como coordinadora da iniciativa en Galicia. A FGE deseñou e preparou, ademais, unha axenda para que puidese reunirse co comisario do ramo, Miguel Arias Cañete, e con altos cargos das direccións xerais de Clima e Medio Ambiente da Comisión Europea.

Galicia defende a continuidade das axudas directas da PAC

En marzo, a entón **conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez**, reuniuse cun alto cargo da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea para analizar diferentes aspectos relacionados coa futura Política Agrícola Común (PAC) despois do 2020. A conselleira defendeu a necesidade de manter os seus dous piares básicos: axudas directas e de desenvolvemento rural, cunha prioridade clara polo primeiro, que en Galicia destina unha media 5.800 euros por explotación, o que contribúe a manter unhas rendas dignas e promover o relevo xeracional. Por todo iso, avogou por unha PAC forte, que sosteña un rural vivo e dinámico.



A conselleira de Medio Rural co director xeral adxunto de DG AGRI, Rudolf Moegele

A estratexia de crecemento azul do Porto de Vigo, referente a nivel europeo

En maio, a FGE organizou unha visita a Bruxelas para a Autoridade Portuaria de Vigo. A delegación, presidida polo seu presidente, Enrique López Veiga, tiña como obxectivo informar a diferentes direccións xerais da Comisión Europea (DG MARE, DG MOVE e DG ENV) e ao Banco Europeo de Investimentos (BEI) do progreso realizado na súa estratexia de crecemento azul e así posicionarse como referente europeo. Grazas a unha metodoloxía de traballo pioneira, innovadora e adaptada ás necesidades do Porto de Vigo, a estratexia deu como resultado a definición de 38 proxectos e 44 accións para desenvolver ata o ano 2020. No seu deseño, contribuíron máis de 250 representantes de entidades públicas e privadas de Vigo e da súa área de influencia.

Estes esforzos víronse recompensados en xuño, cando **esta estratexia foi citada como boa práctica no primeiro informe anual da UE sobre a economía azul que publicou a Comisión Europea**. O informe revela, ademais, que a economía azul está a crecer de maneira constante en Europa, cunha facturación de 566.000 millóns de euros e responsable de 3,5 millóns de postos de traballo. Reino Unido, España, Italia, Francia e Grecia teñen as economías azuis máis grandes de Europa.

Galicia trata sobre a contaminación do chan a causa do lindano coa Comisión Europea

En decembro, a FGE organizou unha axenda de traballo para a **nova conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez**, ao obxecto de abordar a contaminación do chan a causa do pesticida lindano detectada en O Porriño e a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro. A Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea informou no primeiro caso de que xa está a elaborar un mapa de solucións e boas prácticas en toda a UE grazas a dous proxectos piloto sucesivos propostos polo Parlamento Europeo. A Dirección Xeral de Cambio Climático, pola súa banda, informou da nova reforma da repartición de dereitos de emisións e comprometeuse a explicala nunha futura xornada de traballo en Galicia organizada pola Xunta e dirixida ás preto de 50 empresas que participan no mercado do comercio de emisións.

A conselleira de Medio Ambiente nunha reunión coa DG Medio Ambiente da Comisión Europea





3. Participación de Galicia no Consello da UE

En 2018, a Xunta de Galicia asumiu a responsabilidade de representar ao resto de comunidades autónomas en catro das 10 formacións do Consello da UE, principal órgano decisorio comunitario que reúne aos 28 Estados membros. Esta participación autonómica é posible grazas a un acordo asinado en 2004 entre o Goberno de España e as CCAA que permite que un representante autonómico forme parte da delegación española tanto no plano técnico como político nestas catro formacións do Consello (de entre as dez existentes). Desde entón, articulouse un sistema de representación rotatorio entre as CCAA para cada unha desas formacións.

A Fundación Galicia Europa presta apoio técnico e loxístico á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXREUE) para a coordinación da participación galega no Consello. A implicación das consellerías da Xunta de Galicia competentes, a correcta xestión da documentación e o seguimento dos expedientes a debate no Consello son algunhas das tarefas nas que colabora a FGE. En agricultura e pesca, a FGE mantén un convenio coas consellerías competentes mediante o cal teñen a unha asesora técnica destinada na oficina da FGE en Bruxelas

Nun mesmo ano, a Xunta de Galicia participou nas catro formacións do Consello da UE abertas á participación das comunidades autónomas

Participación na parte de Emprego e Asuntos Sociais do Consello EPSCO

Esta é a terceira vez que a Comunidade Autónoma de Galicia coordina a participación autonómica no Consello de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores (EPSCO), nos asuntos relativos ao emprego e a política social. Así, durante o primeiro semestre do ano e coincidindo coa Presidencia búlgara da UE, Galicia participou no Grupo de Asuntos Sociais desde un punto de vista técnico e, no plano político, nas dúas reunións ministeriais previstas. **A conciliación entre a vida laboral e familiar ou as recomendacións europeas en materia de emprego e asuntos sociais aos Estados membros no marco do Semestre Europeo** foron algunhas das cuestións abordadas durante este tempo. A FGE traballou estreitamente coa DXREUE, a fin de asegurar a participación galega nos grupos de traballo técnicos previos ás reunións ministeriais, un labor de intenso coordinación entre as dúas consellerías competentes.

Na reunión de ministros do mes de marzo, o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, defendeu un texto de posición común acordado entre as CCAA en relación coa Recomendación do Consello relativa a un Marco Europeo para unha Formación de Aprendices de Calidade e Eficaz. Na súa intervención, fixo fincapé na necesidade de que esta formación se coordinara coa adquisición de competencias non cognitivas, especialmente nos casos de aprendices en risco de exclusión social.

En xuño, Rey Varela volveu participar na reunión ministerial, esta vez en Luxemburgo. En representación das comunidades, o conselleiro de **Política Social, defendeu unha posición común das CCAA respecto a as conclusións que se adoptaron sobre as políticas integradas de desenvolvemento da primeira infancia como instrumento para reducir a pobreza e fomentar a inclusión social.** As CCAA recoñecen estas conclusións como unha “guía de gran utilidade para o desenvolvemento de políticas, medidas e servizos dirixidos ao coidado e protección da infancia, a promover o seu benestar e desenvolvemento, e a prever a pobreza e a exclusión social desde os primeiros anos de vida”. Especialmente, a raíz do primeiro cadro de indicadores sociais que mide a aplicación dos principios recolleitos no Piar Europeo de Dereitos Sociais e que revela como España está por encima da media europea en canto a atención a nenos menores de 3 anos, aínda que a desigualdade de ingresos e a porcentaxe de persoas en risco de pobreza e exclusión social seguen sendo elevados, a pesar de que o crecemento económico e do emprego axudasen a reducilos nos últimos tempos



O conselleiro de Política Social coa comisaria europea de Emprego, Asuntos Sociais, Capacidade e Mobilidade laboral, Marianne Thyssen

Galicia acordou dúas posicións comúns das CCAA co Ministerio que foron presentadas en dúas reunións ministeriais da UE: unha sobre a formación de aprendices e outra sobre políticas integradas da primeira infancia

Participación na parte de Mocidade do Consello EYCS

Así mesmo, Galicia coordinou durante o primeiro semestre a participación autonómica na área de Mocidade, polo que o conselleiro de Política Social, competente nesta área, participou en maio no Consello da Unión Europea de Educación, Mocidade, Cultura e Deporte (EYCS). Nun debate sobre que áreas deberían ser prioritarias para a cooperación europea en materia de mocidade no futuro, o conselleiro destacou a adquisición de competencias por parte dos mozos en ámbitos non formais como un elemento clave.

En liña con esta mensaxe, **Rey Varela** presentou na sede da Fundación Galicia Europa o libro **'Educación non formal e empregabilidade da mocidade'**, realizado polo un equipo investigador da Universidade de Santiago de Compostela. Na presentación, dirixida por Ana Ramos, directora da oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa, tamén participaron Miguel Santos Rego, catedrático da USC e coordinador do Grupo de investigación Esculca da USC e Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

O conselleiro de Política Social, a directora xeral de Xuventude, o catedrático Miguel Santos e a directora da FGE en Bruxelas durante a presentación do libro "Educación non formal e empregabilidade da mocidade"



Participación no Consello de Agricultura e Pesca da Unión Europea

Galicia tomou o relevo de Estremadura na coordinación da participación autonómica nesta formación do Consello durante o segundo semestre de 2018, baixo a Presidencia austríaca.

A conselleira do Mar, Rosa Quintana foi a encargada de acudir ás reunións do Consello de Ministros da Unión Europea en materia de pesca que se celebraron nos meses de outubro, novembro e decembro. **Galicia asumiu esta coordinación no marco da renovación anual das posibilidades de pesca** en todas as conchas marítimas suxeitas a totais admisibles de capturas (TAC) e cotas (Mar Negro, Mar Báltico, Océano Atlántico e Mar do Norte), e da renovación bianual dos TAC e cotas correspondentes ás especies que habitan en augas profundas.

O **futuro Fondo Marítimo e de Pesca** tamén foi obxecto de debate neste semestre xunto con algúns dos expedientes de gran relevancia para a aplicación efectiva da Política Pesqueira Común, especialmente nun momento de grandes desafíos en materia de sustentabilidade para a pesca da UE coa entrada en vigor da obrigación de desembarque de todas as capturas en porto e co cumprimento dos ditados derivados do compromiso adquirido polos Estados membros co Rendemento Máximo Sustentable das pesqueiras.

No ámbito da agricultura e o desenvolvemento rural, foron Ángeles Vázquez, en xullo; e José González, en outubro, novembro e decembro; os que participaron nas catro reunións ministeriais como conselleiros de Medio Rural, tras a substitución desta carteira na Xunta de Galicia no mes de setembro.



O conselleiro de Medio Rural durante o Consello de Agricultura da UE



A conselleira do Medio Rural con representantes das organizacións agrarias

A Xunta
acordou co
sector agrícola
galego unha
postura en
relación coa
futura PAC
que pasou a
formar parte
da posición
española neste
debate

A través de ambos representantes, Galicia coñeceu de primeira man o especial interese que revisten as tres propostas lexislativas para unha PAC a partir de 2021, que foron presentadas pola Comisión soamente un mes antes da asunción desta competencia, sendo por tanto Galicia a primeira comunidade autónoma que asumiu o seu debate no seo dos traballos do Consello. Os tres regulamentos foron obxecto dunha análise pormenorizada, semana tras semana, nos grupos de traballo técnicos; análise que serviu de base para o debate político mantido nas reunións ministeriais.

As principais demandas de Galicia neste debate refírense a unha simplificación real da PAC para gañar en eficiencia, de forma que verdadeiramente beneficie a agricultores e gandeiros; ao mantemento dun gran peso dentro do orzamento comunitario; a conservar a estrutura actual en dous piares (pagos directos con financiamento exclusivo da UE e desenvolvemento rural) e a que sexa unha política respectuosa coas especificidades de cada territorio.

Galicia apoiou tamén a proposta da Comisión de deseñar un único plan estratéxico por Estado que recolla as singularidades das comunidades autónomas para así simplificar a tramitación e garantir a igualdade de oportunidades entre os beneficiarios. O posicionamento galego neste debate foi froito do consenso entre a Xunta, as organizacións profesionais agrarias e as cooperativas.

Ademais da nova PAC, ocuparon este semestre debates que xa se traían do semestre anterior e de gran interese, como o concernente ás bebidas espirituosas ou á cadea alimentaria, así como os relativos á materia forestal. Así mesmo, cabe destacar a especial incidencia que tivo a peste porcina africana neste período, unha patoloxía que o gando porcino non padece pero que xera gran alarma na UE.



A conselleira do Mar co ministro de Agricultura e Pesca na noite decisiva para os TAC e cuotas de 2019

Galicia
participou no
Consello de
Pesca da UE
coincidindo
coa renovación
anual das
posibilidades
de pesca nas
principais
concas
marítimas

Participación no Consello de Medio Ambiente

Durante o segundo semestre do ano, Galicia asumiu a representación e coordinación das comunidades españolas no Consello de Ministros de Medio Ambiente da Unión Europea. Grazas a un intenso traballo no plano técnico, as 17 CCAA acordaron unha posición común sobre cada un dos expedientes tratados no Consello.

En outubro a recentemente nomeada **conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez**, interveu no Consello de Ministros do ramo, onde defendeu a **posición común autonómica en asuntos como o futuro regulamento comunitario sobre emisións para vehículos lixeiros ou o convenio para frear a perda de biodiversidade na UE.**

Nesta reunión a conselleira puxo en valor o esforzo de Galicia na loita contra o cambio climático e a implantación dun sistema de economía circular. Ademais, destacou o papel das comunidades autónomas para protexer e conservar a biodiversidade, evitar a degradación, a consolidación das especies exóticas invasoras e a contaminación terrestre e mariña. En decembro, a conselleira volveu desprazarse a Bruxelas para expoñer a posición común autonómica en materia de adaptación ao cambio climático. Outros dos temas tratados durante esta reunión foi a fixación duns topes máximos para as emisións de CO₂ de vehículos pesados, o regulamento do programa de financiamento LIFE para o período 21-27 e as propostas realizadas pola Comisión Europea para alcanzar unha Europa climaticamente neutra no ano 2050.

A participación
galega no
Consello coincidiu
co inicio do
debate sobre
unha estratexia
a longo prazo
para alcanzar
unha Europa
climaticamente
neutra no ano
2050



A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia toma o relevo de mans da súa homóloga vasca para a coordinación autonómica no Consello da UE



A conselleira de Medio Ambiente no Consello da UE xunto ao comisario europeo de Acción polo Clima e Enerxía, Miguel Arias Cañete



4. Contribución de Galicia ao debate sobre Política Rexional 2021-2027

Galicia avoga por unha política rexional forte dentro do orzamento comunitario que siga dirixida a todas as rexións europeas

O debate sobre a futura Política Rexional e o novo orzamento a longo prazo da UE, no período 2021-2027, foi un dos principais temas de traballo da Fundación Galicia Europa ao longo do 2018, cobrando unha especial intensidade a finais do ano.

En xaneiro, o presidente da Xunta asinou a adhesión á **“Alianza pola Cohesión”**, unha iniciativa do CdR que suma diferentes voces e apoios para reivindicar que a política de cohesión continúe sendo un pilar forte no orzamento comunitario.

En marzo, a FGE e a Xunta responderon á **consulta pública** sobre esta política presentando un documento de posición elaborado en colaboración coa consellería de Facenda. O documento recolle as demandas galegas en cuestións como a simplificación administrativa, o uso dos instrumentos financeiros ou o papel da cooperación territorial.

Nese mesmo mes, Jesús Gamallo presentou xunto a outros dous representantes das CCAA e o director xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda **un documento de posición común de España sobre a futura política rexional**, no que se resaltan aqueles elementos dos actuais regulamentos que deberían mellorarse para asegurar unha mellor xestión. Gamallo destacou, ademais, o papel que pode desempeñar a política de cohesión para garantir a prestación de servizos públicos esenciais e o mantemento de infraestruturas de calidade nun contexto de declive poboacional.

En maio, o presidente da Xunta reuniuse, como se mencionou anteriormente, coa **comisaria de Política Rexional, Corina Cretu**. Unha vez que a proposta de MFP deixara claro días atrás que a Política Rexional tería suficientes recursos como para dirixirse a todas as rexións (e, por tanto, a Galicia), a reunión centrouse en como sería a arquitectura da futura Política Rexional, para o que o Presidente transmitiu varias das mensaxes da posición galega, como a necesidade dunha maior atención ás rexións con problemas demográficos e a reivindicación da importancia dos fondos destinados á cooperación transfronteiriza para asegurar a continuidade dos proxectos de Galicia co Norte de Portugal.

A filtración dun borrador das propostas días antes facía temer a eliminación da actual categoría de rexións “en transición” que cobre ás rexións cun PIB per cápita de entre o 75 e o 90% da media europea, na que se situaría Galicia. Por iso, o Presidente defendeu a necesidade de manter unha categoría específica para este tipo de rexións de renda intermedia. Dúas semanas despois, a publicación dos regulamentos confirmou o mantemento da categoría de rexións en transición (ampliando a pinza de renda ata o 100% da media europea), así como unha maior flexibilidade para que as rexións executen estes fondos, o que parece positivo para poder utilizalos en maior medida para encarar os retos demográficos. España é, ademais, un dos poucos países que resulta beneficiado desta proposta pois recibiría un 5% máis que no período actual.

A posición de Galicia resalta o papel que pode desempeñar a política de cohesión para garantir a prestación de servizos públicos esenciais e o mantemento de infraestruturas de calidade nun contexto de declive poboacional



O presidente da Xunta de Galicia coa comisaria de Política Rexional, Corina Cretu

Tras a publicación das propostas de orzamento comunitario para o período 2021-2027, a directora da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, Ana Ramos, participou en xuño nun foro en Bruxelas, organizado polo xornal dixital Aquí Europa, xunto a representantes das demais Comunidades Autónomas españolas, para presentar as impresións iniciais de Galicia ante a proposta da futura Política de Cohesión. Ana Ramos destacou a notable influencia dos fondos estruturais para Galicia, polo que aplaudiu que a Política de Cohesión seguira estando dirixida a todas as rexións europeas.

Desde o mes de febreiro, a FGE é **coordinadora do grupo de Cohesión** dentro da rede informal de Colaboración das Oficinas Rexionais Españolas (CORE). Neste novo papel, fixo un especial seguimento do debate previo e posterior á presentación das propostas de regulamentos e organizou en xuño unha **reunión sobre estas propostas** coa nova xefa de Unidade para España da Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana, Carole Mancel- Blanchard. Nesta reunión participaron 20 representantes das oficinas autonómicas e case todos os funcionarios da Unidade de España. Ademais de abordar as propostas 21-27, comentáronse os problemas na execución do período actual e aludíuse á forma na que esta unidade de DG REGIO e as oficinas de CCAA poden colaborar para mellorar o investimento dos fondos estruturais en España. A FGE elaborou e enviou nove boletíns informativos sobre as negociacións da política rexional ao resto de oficinas de CCAA en Bruxelas.

O presidente da Xunta defendeu a necesidade de manter unha categoría específica para as rexións de renda intermedia como Galicia



Presentación da posición española sobre o futuro da Política Rexional



Foro "Aquí Europa" sobre o futuro orzamento comunitario 21-27 en España



Primeira reunión do Grupo CORE Cohesión coordinado pola FGE

A FGE diseña unha estratexia para defender unha asignación suficiente de fondos estruturais en Galicia no período 21-27

A FGE mantivo un estreito contacto coa Consellería de Facenda para avaliar a fondo o posible impacto das propostas de novos regulamentos en Galicia. Como resultado, detectouse unha posible redución na asignación de fondos destinada a Galicia, a pesar de que o seu peso no PIB da UE redúcese en 10 puntos porcentuais e pese a que, por tanto, pasaría de ser considerada “rexión máis desenvolvida” a ser “rexión en transición”. A FGE deseñou entón unha estratexia para defender durante o período restante de negociacións unha asignación suficiente de fondos comunitarios a Galicia a partir do 2021.

O primeiro paso dado nesta estratexia o protagonizou o **vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda**, quen mantivo a finais de novembro unha reunión co embaixador representante permanente de España ante a UE, Pablo García-Berdoy.



O vicepresidente da Xunta na reunión mantida co representante permanente de España ante a UE

Rueda alertou sobre o posible impacto que a proposta podería ter en Galicia a pesar de que España no seu conxunto resulta beneficiada e chamou a atención sobre o paradoxo de que unha rexión que descende de categoría poida chegar a recibir menos fondo.

Unha semana máis tarde, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, trasladou a mesma mensaxe á comisaria de Política Rexional, Corina Cretu, no marco dun debate celebrado na última sesión plenaria do ano do Comité Europeo das Rexións. Neste

contexto, Jesús Gamallo demandou por primeira vez expresamente que as rexións que descenden de categoría, como é o caso de Galicia, non poidan recibir menos fondos no novo marco orzamentario que no actual período de financiamento 2014-2020.

Jesús Gamallo tamén alertou aos representantes no CdR das oito rexións que poderían atoparse nunha situación similar á de Galicia sobre a necesidade de emprender accións conxuntas ante os seus representantes estatais e deputados no Parlamento Europeo co fin de evitar que as súas asignacións se reduzan.

No Parlamento Europeo, a FGE propuxo varias emendas ao informe que esta institución co-lexislativa estaba a elaborar sobre o Regulamento de Disposicións Comúns dos fondos. Para iso, contou co apoio do eurodeputado galego Francisco Millán Mon e do vicepresidente do Parlamento, Ramón Luís Valcárcel, membro da comisión de Política Rexional -onde se redactaba este informe- e asinante das emendas propostas por Galicia. Ademais de propoñer unha cláusula de salvagarda para que as rexións que descendan de categoría non poidan ver reducidos os seus fondos no próximo período, a FGE propoñía a inclusión de referencias ao reto demográfico e o incremento das taxas de cofinanciamento.

O vicepresidente da Xunta alertou do posible impacto que a proposta podería ter en Galicia a pesar de que España no seu conxunto resulte beneficiada



Jesús Gamallo intervindo no debate coa comisaria de Política Rexional no pleno do CdR



Jesús Gamallo cun representante de Eslovenia Occidental no CdR



5. O papel de Galicia na Rede Transeuropea de Transporte

En abril de 2018, a **Xunta sumouse a outras rexións europeas para demandar á Comisión Europea unha maior atención aos proxectos de infraestrutura que non están na rede principal da RTE-T**, como a conexión ferroviaria Vigo-O Porto. A iniciativa de varias provincias holandesas e coa intermediación e apoio da FGE, esta demanda plasmoste nun documento de posición entregado á Comisión con motivo dos Días Europeos da RTE-T (Ten-T Days), celebrados en Eslovenia.



A proposta da Comisión de
estender o Corredor Atlántico
ata Galicia respondeu as
demandas formuladas por
Galicia nos últimos anos

A finais de novembro, a FGE difundiu entre as institucións comunitarias a resolución adoptada polo Parlamento de Galicia para reclamar a inclusión da conexión ferroviaria Vigo-O Porto na rede básica da RTE- T, con vistas á revisión do regulamento da RTE- T que se iniciaría en 2019.



Entrega ao director xeral de DG MOVE do documento de posición en favor dunha maior atención á rede global da RTE-T



6. Aplicación da política pesqueira común en Galicia

O 2018 foi o último ano do período de transición iniciado en 2015 antes da **entrada en vigor da política de descartes cero**, que implica que as frota da Unión Europea deben desembarcar todas as súas capturas, pasando os anteriores descartes a ser contabilizados dentro das súas cotas de pesca. Nunha posición consensuada co sector, a Xunta de Galicia sempre defendeu unha xestión responsable das pesqueiras mediante unha aplicación progresiva e flexible deste importante principio adoptado no marco da última reforma da Política Pesqueira Común. Con motivo da súa participación directa no Consello da UE entre xullo e decembro, a conselleira do mar volveu insistir niso demandando, entre outras opcións, incrementos nas cotas para contrarrestar esta obriga e mesmo a eliminación dos TAC naquelas especies sen risco de conservación e de escasa relevancia de captura.

Neste contexto, a FGE acolleu en novembro a presentación do **“Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque”**, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sustentable e Social (FREMSS), unha entidade con sede en A Coruña cuxa misión é defender os valores e a viabilidade do sector pesqueiro galego. Ante representantes da Comisión Europea e de doutras CCAA, ademais dos eurodeputados galegos Francisco Millán Mon e Ana Miranda, o presidente e o secretario desta fundación explicaron a dificultade de asumir os métodos propostos de redución e eliminación das capturas non desexadas por parte dos pescadores. Desde entón, a Comisión Europea estivo profundizando en varias das suxerencias feitas en colaboración cos EEMM e axentes interesados e así dotar de ferramentas e opcións á frota que sí permitan, finalmente, o desembarque de todas as capturas.

Por outro lado, a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Susana Rodríguez Carballo**, participou en outubro nun seminario sobre o chamado **“desenvolvemento local participativo”** no ámbito marítimo-pesqueiro.

Este modo de aplicar a Política Pesqueira Común mediante a implicación directa dos actores sobre o terreo, permite contar en Galicia con oito Grupos de Acción Local do sector pesqueiro que reúnen a 361 organizacións e desenvolven máis de 300 proxectos por un valor de 19 millóns de euros durante o período 14-20. Pequenos proxectos como a mellora do procesado do percebe en Baiona ou a mellora da comercialización do berberecho en Anllóns, nos que os produtores locais teñen un papel fundamental, contribúen ao desenvolvemento sustentable das zonas costeiras. Como conclusión, este seminario celebrado no marco da Semana Europea das Rexións e Cidades, puxo de relevo o potencial dos Grupos de Acción Costeira para axudar ás comunidades costeiras a adaptarse e responder ante os retos do futuro.

A Xunta de Galicia puxo de relevo a dificultade de poñer en práctica a obriga de desembarque de todas as capturas a partir de 2019



Presentación do “Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque” de FREMSS

No período 14-20 desenvólvense en Galicia 300 proxectos con implicación directa das comunidades pesqueiras que contribúen a implantar novas actividades económicas nas zonas costeiras



Presentación da Xunta de Galicia sobre os Grupos de Acción Costeira na EWRC 2019



7. Brexit

Desde o referendo celebrado en 2016 no que se acordou a saída de Reino Unido da UE, a FGE fixo seguimento das negociacións para manter informada á sociedade galega e así fomentar o debate sobre as posibles consecuencias. En 2018, continuou traballando, especialmente en colaboración coas rexións atlánticas, para defender os intereses de Galicia neste proceso.

Grupo Operativo do Brexit da Comisión do Arco Atlántico

Galicia coordina desde 2017 o Grupo Operativo "Brexit" creado no seo da Comisión do Arco Atlántico (CAA), unha das seis comisións xeográficas nas que traballa a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM). Ao longo do 2018, este grupo celebrou catro reunións: en febreiro, maio, setembro e novembro.

A reunión de febreiro tivo lugar na representación da rexión francesa de País do Loira en Bruxelas, estando presidida pola directora da oficina da FGE en Bruxelas, Ana Ramos. Nela, expuxéronse os últimos avances na negociación entre a UE e Reino Unido e deuse conta da reunión que mantivo o presidente da Comisión do Arco Atlántico o 29 de xaneiro co negociador xefe da Comisión Europea, Michel Barnier, para facerlle chegar as inquietudes destas rexións polo impacto que o Brexit pode ter en ámbitos como a pesca, o turismo e os transportes. Ademais, unha representante dos comités económicos e sociais das rexións atlánticas francesas expuxo o estudo que elaboraran sobre o eventual impacto do Brexit nestas rexións.

En maio e setembro as reunións deste Grupo Operativo celebráronse na oficina da FGE en Bruxelas. Na primeira delas, abordáronse as posibilidades de que os actores locais de Reino Unido poidan seguir participando nos programas de Cooperación Territorial Europea despois do Brexit.

En setembro, a reunión contou cun membro do equipo negociador do Brexit na Comisión Europea, Sandra Cavallo, e un representante político de País de Loira, rexión que preside a CAA. Tras avaliar o estado de situación e as accións que podería emprender o grupo operativo para defender os intereses da CAA neste proceso, deuse paso ao secretario xeral da Alianza Europea pola Pesca (EUFA), Gerard Van Balsfoort, quen explicou o traballo de lobby que está a realizar esta entidade que reúne ás organizacións do sector que faenan en augas británicas.



Jesús Gamallo e Ana Ramos cos relatores da terceira reunión do ano do Grupo Operativo Brexit



Reunión de EUFA na sede da FGE en Bruxelas

As rexións atlánticas reuníronse en catro ocasión, lideradas por Galicia, para valorar os avances nas negociacións do Brexit e estudar como defender os seus intereses

Por mor dunha declaración de intencións asinada en Santiago de Compostela un ano atrás, o obxectivo desta organización era que a **pesca fose incluída na Declaración Política sobre as relacións futuras que acompañaría o Acordo De Retirada, aludindo a un acceso recíproco ás augas e aos mercados**. O Grupo Operativo acordou seguir e apoiar o traballo de EUFA pois as súas demandas son coincidentes coas das rexións da CAA. A FGE cedeu, ademais, no mes de xullo as súas instalacións a EUFA para unha reunión, como mostra do apoio da Xunta de Galicia a este lobby que representa tamén os intereses do sector pesqueiro galego.

A reunión de novembro foi novamente inaugurada por Jesús Gamallo e celebrouse na representación das provincias holandesas. Os participantes, entre os que se atopaban representantes da Comisión Europea, **valoraron o acordo de retirada finalmente alcanzado polos negociadores para mediados de novembro**, así como a posibilidade de que este fose rexeitado polo Parlamento británico e o impacto de tal decisión nas rexións europeas. Ademais, os representantes das rexións atlánticas, xunto coas do Mar do Norte que por primeira vez sumábanse ao debate, expuxeron as medidas de continxencia que previron no caso de que, finalmente, o acordo non sexa ratificado e prodúzase unha saída abrupta de Reino Unido da UE.

En decembro unha delegación da CPRM, da que formaba parte a conselleira do Mar, Rosa Quintana, reuniuse co xefe negociador europeo do Brexit, Michel Barnier. Na reunión, que se realizou o mesmo día que a Comisión Europea presentou o seu plan de acción de continxencia en caso dun Brexit sen acordo, a delegación destacou a importancia dunha cooperación continua despois do Brexit entre as rexións do Reino Unido coas do Atlántico, o Canal da Mancha e o Mar do Norte, para o que é necesario que se minimicen os obstáculos relacionados co comercio e a liberdade de movemento. Incidiron, ademais, na necesidade de que o impacto financeiro que se produza nas rexións a causa do Brexit se vexa compensado na repartición de fondos do novo marco financeiro plurianual. Rosa Quintana trasladou as preocupacións de Galicia, principalmente centradas no posible impacto dunha saída sen acordo no sector pesqueiro.

Galicia puxo
o acento
nas posibles
repercusións
para o sector
pesqueiro co
apoio de EUFA,
a coalición de
frotas pesqueiras
europeas



Rexións do Atlántico e do Mar do Norte valoran o Acordo de Retirada alcanzado en novembro




Michel Barnier coa delegación da CRPM composta por representantes políticos de Bretaña (FR), Cornualles (RU), Flevoland (NL), Ostfold (NO) e Galicia.

Participación de Galicia na avaliación do impacto potencial do Brexit nas rexións europeas

En febreiro, un representante da Consellería do Mar foi convidado a participar nun seminario no que se avaliou, mediante unha metodoloxía desenvolta polo Observatorio Territorial Europeo (ESPON), o impacto territorial asimétrico que pode ter o Brexit nas rexións e cidades europeas. O obradoiro congregou a expertos procedentes de rexións, cidades, cámaras de comercio e asociacións de toda Europa para avaliar e determinar os efectos directos e indirectos nos distintos territorios. As súas conclusións formaron parte do estudo que ao mes seguinte publicaría o CdR sobre o grao de exposición das rexións e cidades europeas á saída de Reino Unido da UE.

A Xunta de Galicia foi a única organización española invitada a participar neste exercicio, centrando a súa valoración no potencial impacto do Brexit no sector marítimo-pesqueiro. En concreto, aludiu ás repercusións dunha saída sen acordo non só para os buques galegos que faenan en augas británicas, senón para os buques con bandeira británica pero con capital e tripulación galega.



Mapa sobre o impacto do Brexit nas rexións europeas elaborado a iniciativa do CdR

Acordo de cooperación entre Galicia e Gales ante o escenario do Brexit

A finais do mes de xullo, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, asinou un memorando de entendemento co ministro principal do País de Gales (RU), Carwyn Jones, para selar a vontade de colaboración das dúas rexións en materia económica, educativa e cultural, sociosanitaria e pesqueira, ante as incertezas que presenta o proceso de separación do Reino Unido da Unión Europea.

Este encontro é consecuencia da reunión que mantiveron meses atrás na capital de Gales as rexións periféricas e marítimas de Europa —coa presenza do presidente da Xunta—, na que se asinou a **Declaración de Cardiff**, que marca a posición destes territorios ante as negociacións do Brexit



Núñez Feijóo recibe ao presidente de Gales en Santiago de Compostela



8. Participación en redes de cooperación rexional

A FGE presta apoio e representa á Xunta de Galicia en diferentes redes de cooperación rexional para sumar esforzos con outros territorios europeos na defensa de intereses comúns na UE. Estas redes serven, ademais, para o intercambio de información sobre o desenvolvemento das políticas europeas e a súa posible repercusión nas rexións, ademais de para establecer contactos de fronte ao desenvolvemento de proxectos europeos. Son varias as redes existentes, que traballan en ámbitos ben diferenciados e con carácter máis ou menos formal. A continuación explícase o traballo desenvolvido durante 2018 polas principais redes con participación activa de Galicia.

CORE

En 2018, a FGE participou en 39 reunións desta rede informal de Colaboración de Oficinas Rexionais Españolas (CORE) constituída en 2002 co obxectivo de intensificar as relacións das oficinas de representación autonómica en Bruxelas e mellorar a súa interlocución coas institucións comunitarias e coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER).

Trátase, por unha banda, de reunións organizadas polos 11 Grupos de Coordinación Técnica, que teñen por obxectivo realizar o seguimento e análise das políticas comunitarias, e de reunións dos directores de oficinas con altos cargos das institucións comunitarias, como o comisario español, Miguel Arias Cañete. A nova estratexia para reducir o consumo e residuos dos plásticos, o novo Monitor Europeo de Educación e Formación ou o Píar Europeo de Dereitos Sociais foron algúns dos temas que se trataron nestas reunións.



Directores de CORE coa embaixadora de España durante a celebración da Festa Nacional

CRPM

A FGE asistiu en 2018 a 12 reunións da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e da súa Comisión xeográfica do Arco Atlántico (CAA) celebradas en Bruxelas. A análise e a información facilitada pola CRPM foi especialmente útil para avaliar desde unha perspectiva galega as propostas do futuro Marco Financeiro Plurianual, de Política Rexional e do Mecanismo Conectar Europa máis aló de 2020.



En xuño, celebrouse a Asemblea Xeral anual da Comisión do Arco Atlántico en Comillas, á que asistiu o director xeral de relacións exteriores e coa UE, Jesús Gamallo. Na declaración política adoptada, a CAA reivindica o seu compromiso por un desenvolvemento equilibrado da UE que teña máis en conta ás rexións periféricas marítimas. Así, reclama un futuro MFP ambicioso e adaptado ás necesidades dos territorios, unha Estratexia Atlántica que tome en conta a dobre identidade atlántica marítima e territorial, unha Cooperación Territorial Europea ambiciosa e adaptada aos espazos macrorrexionais, unha política pesqueira máis próxima ás comunidades costeiras e menos burocrática, unha mellor conexión das rexións atlánticas cos corredores da Rede Transeuropea de Transporte e uns obxectivos ambiciosos en favor das enerxías mariñas renovables no Arco Atlántico.

En outubro, a CPRM celebrou a súa asemblea anual en Madeira na que Galicia participou xunto a representantes de máis de 160 rexións marítimas e periféricas de Europa. O subdirector xeral de Acción Exterior e Cooperación Transfronteiriza, Xosé Lago, participou nunha mesa redonda sobre política rexional para expoñer a posición galega neste debate.



Asamblea general da CRPM celebrada en Madeira

Rede de Rexións por un Turismo sustentable e Competitivo (NECSTouR)



A Fundación Galicia Europa acolleu en outubro a **assemblea anual de NECSTouR**, a rede de rexións europeas por un turismo sustentable e competitivo, da que forma parte a Axencia de Turismo de Galicia. A assemblea, que reuniu a 60 representantes das 36 rexións que conforman NECSTouR, serviu para definir a estratexia de traballo 2019-2021. Durante a reunión nomeouse o novo Comité Executivo de NECSTouR, que reúne ás 12 rexións máis comprometidas co turismo sustentable, entre as que se atopa Galicia. O obxectivo desta rede, creada en 2007, é posicionar o turismo na axenda europea, influíndo de maneira directa na toma de decisión das políticas, ademais de impulsar a cooperación entre as rexións europeas neste ámbito.

Un día despois, a FGE en Bruxelas tamén acolleu a conferencia **“Iniciativas locais dirixidas ao turismo e ao patrimonio cultural: un legado para Europa”**, organizada por NECSTouR no marco da Semana Europea das Rexións e Cidades. Durante este evento, presentouse oficialmente a Declaración de Barcelona **“Mellores lugares para vivir, mellores lugares para visitar”**, resultado do diálogo paneuropeo sobre turismo e patrimonio cultural promovido este ano por NECSTouR como unha contribución ao Ano Europeo do Patrimonio Cultural 2018. Entre as presentacións destacou a do investigador da Universidade de Santiago de Compostela, Roberto Bande, quen presentou o Camiño de Santiago de Compostela como exemplo de integración entre turistas e residentes, así como de conservación do patrimonio cultural. O eurodeputado galego Francisco Millán Mon, como presidente do intergrupo **“Desenvolvemento do Turismo Europeo, Patrimonio Cultural, Camiños de Santiago e Roteiros Culturais Europeos”** foi o encargado de pechar o acto cun discurso no que resaltou a importancia turística e económica do patrimonio cultural.



Asemblea anual de NECSTOUR celebrada na sede da FGE en Bruxelas



Ana Ramos inaugura a conferencia sobre turismo e patrimonio cultural

Rede de Rexións afectadas polo Cambio Demográfico (DCRN)

A FGE participou en febreiro na reunión celebrada pola Rede de Rexións afectadas polo Cambio Demográfico (DCRN) que tiña por tema de debate a definición da política rexional despois de 2020. Convocados polas oficinas de Castela e León e Saxonia-Anhalt en Bruxelas, asistiron a esta reunión unha vintena de representantes de varias rexións europeas, especialmente alemás e españolas.

A Fundación Galicia Europa explicou como se están investindo en Galicia os actuais fondos comunitarios para facer fronte ao cambio demográfico. Por unha banda, aludiu ao uso do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para financiar as chamadas “casas niño” nas áreas rurais, para abrir escolas infantís en parques empresariais e para avanzar na implantación de fogares intelixentes. En canto ao Fondo Social Europeo (FSE), a FGE resaltou como axuda a poñer en marcha un gran número de medidas para facilitar a conciliación entre a vida laboral e familiar. Por último, expuxo as conclusións do proxecto Symbios, financiado con FSE no período 2007-2013, que explica a espiral negativa que provoca a perda de poboación nos territorios e define o concepto de exclusión territorial.



Reunión da DCRN sobre o papel dos retos demográficos no deseño da política rexional 2021-2027



9. Promoción de Galicia en Bruxelas

De forma complementaria ao seu labor institucional, a FGE apoia e participa en eventos que promocionan Galicia en Bruxelas desde o punto de vista cultural, turístico e económico.

Entre as actividades levadas a cabo en 2018, destaca **a participación na inauguración de dúas etapas da Vía Tenera rehabilitada**, un dos principais roteiros de peregrinación desde o Norte de Europa a Santiago de Compostela durante a Idade Media. Desde 2016, a Asociación Belga de Amigos de Santiago de Compostela desenvolveu traballos de restauración nesta vía que conecta Holanda con Francia a través de varias localidades belgas. Coa presenza da directora da oficina en Bruxelas, Ana Ramos, a FGE apoia o labor continuado que realiza a Asociación Belga de Amigos do Camiño na promoción do roteiro de peregrinación a Santiago de Compostela.

En maio, a FGE acolleu un ano máis unha exposición con motivo do **Día das Letras Galegas**, nesta ocasión dedicada á autora María Vitoria Moreno; e en outubro, contribuíu con viños das denominacións de orixe Ribeira Sacra e Monterrei á celebración da Festa Nacional organizada pola Embaixada Española en Bruxelas.

Por último, a **FGE colaborou en dous actos co Instituto Cervantes de Bruxelas para dar visibilidade á lingua galega**: con motivo do Día Europeo das Linguas en setembro, participou na lectura de poemas en todas as linguas cooficiais de España e, coincidindo coa celebración do 40º aniversario da Constitución española en decembro, participou nunha lectura pública da carta magna, tamén en galego.



Lectura en galego dun fragmento da Constitución española con motivo do seu 40º Aniversario



II. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS

A FGE fomenta a participación de entidades galegas en proxectos europeos co fin de potenciar a competitividade dos sectores públicos e privados de Galicia.

Esa promoción tradúcese no asesoramento técnico, na procura de socios a escala europea, na organización de reunións con representantes das institucións ou na participación da FGE en consorcios de proxectos que lle resulten de interese.

Por outra parte, a Fundación ofrece formación sobre financiamento comunitario a través do seu programa TecEuropa.





1. TecEuropa

A FGE celebrou en 2018 a sexta e sétima edicións do seu programa de especialización en financiamento europeo, **TecEuropa**. Por primeira vez, os 40 participantes, seleccionados entre as 64 solicitudes recibidas, realizaron a primeira parte da formación a finais de novembro de maneira conxunta na capital comunitaria completándoa, cunha parte práctica, en Santiago de Compostela en dúas quendas: 11 e 12 de decembro, para o primeiro grupo, e 13 e 14 decembro para o segundo.

O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, foi o encargado de inaugurar TecEuropa cun discurso no que destacou a aposta da FGE por formar técnicos especializados na presentación de proxectos europeos, así como en consolidar redes de especialistas na xestión dos fondos comunitarios para atraer financiamento para as iniciativas galegas.

A semana de formación en Bruxelas compúxose de diferentes explicacións sobre a realidade político-institucional da UE, o marco orzamentario 2014-2020 e os diferentes programas de financiamento existentes. A parte máis teórica da formación foi impartida pola Fundación FinnovaRegio. Na presente edición tratáronse con maior profundidade a Política de Cohesión a partir de 2020 e os programas Horizonte 2020 de I+D+i e LIFE no ámbito do medio ambiente.

Un ano máis, desde a primeira edición celebrada en 2015, TecEuropa reuniu a profesionais galegos de ámbitos moi distintos como as entidades públicas de GAIN ou a Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), das tres universidades galegas, de concellos como Ourense ou A Estrada e de entidades sen ánimo de lucro como a Fundación Juana de Vega ou Arquitectura sen Fronteiras.

O programa TecEuropa enmárcase dentro dos obxectivos da FGE de formación e fomento de participación de entidades galegas en proxectos europeos. Contando a presente edición, son xa 145 os profesionais galegos que puideron ampliar os seus coñecementos e formación sobre as fontes de financiamento da UE así como o seu funcionamento.

Coa 6ª e
7ª edición
celebradas en
2018, son xa 145
os profesionais
galegos que
participaron no
programa de
especialización
en financiamento
comunitario
TecEuropa



O vicepresidente da Xunta de Galicia inaugurando en Bruxelas a edición 2018 de TecEuropa



Visita ao Parlamento Europeo dos participantes en TecEuropa 2018



Sesión de conclusións da semana de formación en Bruxelas



2. Participación da FGE nos proxectos Lidera e Eurocidade 2020

A Fundación Galicia Europa, grazas ao convenio de colaboración que mantén coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, continuou participando durante 2018 en dous proxectos de cooperación territorial xunto a outras entidades galegas e europeas. A FGE encárgase nestes dous proxectos da parte de comunicación e da formación aos beneficiarios. Ambos proxectos foron aprobados na primeira convocatoria do programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e desenvólvense entre os anos 2016 e 2019:

Proxecto LIDERA

O proxecto “Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento novo transfronteirizo” (LIDERA) ten como obxectivo promover o desenvolvemento económico transfronteirizo mediante o desenvolvemento das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos do territorio. LIDERA conta cun orzamento de 1,4 millóns de euros para os seus catro anos de operatividade (2016-2019).

A Fundación Galicia Europa, como membro do consorcio LIDERA, organizou entre o 16 de abril e o 14 de xuño en Valençá do Minho a **segunda edición do curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza**, no que os 15 participantes recibiron asistencia e titoría especializada para coñecer a dinámica dos proxectos de cooperación transfronteiriza e as posibilidades que ofrece o financiamento europeo neste ámbito. Ademais, os alumnos tiveron a oportunidade de descubrir e coñecer a outras persoas e entidades interesadas na creación de novos proxectos transfronteirizos. Como colofón a este curso, desenvolveron diferentes accións para explicar e visibilizar o significado da cooperación a ambos os dous lados da fronteira. Entre as devanditas accións, atópase a realización dun vídeo sobre as versións galega e portuguesa da canción ‘A saia da Carolina’, un irmandamento entre as bibliotecas de Redondela e Monçao, e a realización dun conxunto de acuarelas que reflicten a obra do arquitecto portugués Álvaro Siza en Galicia. O proxecto final do curso consistiu na redacción dunha candidatura de proxecto europeo no marco dos programas de financiamento Europa cos Cidadáns, Europa Creativa, POCTEP ou Erasmus +.

A FGE realiza un seguimento dos 30 alumnos que pasaron polas dúas edicións deste curso ata tres e catro anos despois da súa realización. Neste tempo, asesóralles en canto a oportunidades de formación, prácticas e emprendemento, e na posta en marcha de actividades de cooperación transfronteiriza.

De entre as actividades levadas a cabo polos outros socios do proxecto, destacan o foro celebrado en Carballo sobre **emprendemento a través da cultura urbana e o skate** e varios talleres para mozos sobre coaching ou emprendemento.

No marco de LIDERA, a FGE organizou por segundo ano consecutivo o Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza no que participaron 15 mozos galegos e portugueses

Participantes no II Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza



Acción de visibilización da cooperación Galicia-Norte de Portugal realizada por un dos participantes no curso



Mención aparte merece a **“Mostra e encontro da mocidade emprendedora Galicia-Norte de Portugal” (MeXe, 2018)**, organizada na localidade portuguesa de Arcos de Valdevez a finais de novembro, na que participaron 300 mozos galegos e portugueses. A FGE estivo presente cun stand co título de “Valorizar as miñas competencias: Como crear un currículo orixinal e revalorizarme”. Neste espazo, a FGE asesorou a 49 mozos na redacción do seu CV e a súa conexión coas diferentes redes sociais. Tamén se atenderon a outros 100 mozos respecto a dúbidas, orientación, ligazóns, etc. Por último, a Fundación Galicia Europa coordinou a mesa informativa “Storytelling, o froito da cooperación”, no que se presentou a Asociación de Axentes de Cooperación Transfronteiriza EU COOPERO, formada polos participante nas dúas edicións do curso, e un referente de boas prácticas empresariais, a cooperativa agroalimentaria con sede en Ourense, COREN.


Eurocidade 2020 – “A Eurocidade Chaves-Verín como ferramenta de aproximación de Europa 2020 aos cidadáns”

Cun orzamento de 1,7 millóns de euros, este proxecto desenvólvese entre os anos 2017 e 2019 co obxectivo de reforzar a cooperación institucional entre Chaves e Verín, unha agrupación de municipios transfronteirizos que ten como misión xestionar de forma conxunta as competencias locais. A posta en marcha dunha rede de oficinas de turismo da Eurocidade ou a ampliación dos servizos incluídos na tarxeta do Eurocidadán son algúns das actividades previstas neste proxecto.

No marco deste proxecto, en outubro a FGE organizou a **segunda edición do curso “Impulsores de oportunidades - Emprego na Eurocidade: traballo, turismo e termalismo”**. O curso desenvolveuse durante tres días na parroquia verinense de Feces de Abaixo, e nel participaron 15 persoas da zona para recibir formación práctico-teórica sobre desenvolvemento turístico e patrimonio cultural. Con este curso, preténdese capacitar aos locais coas ferramentas necesarias para sacar o máximo proveito da posta en marcha de novos roteiros e paquetes turísticos no marco do proxecto Eurocidade 2020.

En maio, o proxecto recibiu a **visita do Road Trip Project**, unha iniciativa da Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea para dar a coñecer aos máis novos os proxectos financiados pola política de cohesión e os seus beneficios. Os dous novos protagonistas do “Roteiro Atlántico”, un dos catro roteiros dos que se compón o Road Trip Project, fixeron unha parada na Eurocidade Chaves-Verín onde, acompañados pola FGE, obtiveron o carné da “Eurocidade da auga” que lles permitiu descubrir os servizos e instalacións que estes dous municipios comparten en áreas como o deporte, o lecer, a música e a cultura, entre outras.

Do resto de actividades enmarcadas en Eurocidade 2020 en 2018, destacan a organización dun campo de traballo transfronteirizo, a celebración dunha xornada dedicada á cultura tradicional e o desenvolvemento de habilidades socio- relacionais, e a convocatoria dun curso para formar a mozos monitores de tempo de Galicia e Portugal.



Unha das imaxes difundidas polos protagonistas da Ruta Atlántica do Road Trip Project



Inauguración do curso “Impulsores de oportunidades” en Verín



3. Apoio aos actores galegos de I+D+i: presenza de GAIN en Bruxelas

A Axencia Galega de Innovación conta, desde decembro de 2015, cun bolseiro que se renova cada ano na oficina da FGE en Bruxelas para contribuír ao seguimento das múltiples iniciativas no ámbito da I+D+i que se impulsan desde a UE. Esta colaboración é posible grazas a un acordo asinado entre Vicepresidencia da Xunta de Galicia e esta axencia pública, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Durante o ano 2018, a actividade de GAIN en Bruxelas centrouse no **seguimento das políticas europeas relacionadas coa estratexia de especialización intelixente da comunidade galega (RIS3)**, as propostas da Comisión Europea para o período 2021-2027 (Horizon Europe, Dixital Europe e Política de Cohesión) e as políticas relacionadas coa dixitalización e a transición industrial. Así mesmo, a través da bolseira con que contou en Bruxelas, GAIN asegurou a súa participación en dúas redes rexionais relacionadas coa innovación da que é membro: a rede de rexións europeas pola I+D+i (ERRIN) e a Vanguard Initiative.

ERRIN, con sede en Bruxelas e máis de 120 membros rexionais, ten como obxectivo promover o intercambio de coñecementos entre os seus membros, centrándose en accións conxuntas e na procura de socios para proxectos europeos, coa finalidade de fortalecer as capacidades rexionais de investigación e innovación e a cooperación interrexional. Durante 2018, GAIN participou activamente nos grupos de traballo de Bioeconomía, Tecnoloxías da Información e a Comunicación, Innovación e Financiamento, Crecemento Azul e Especialización Intelixente; ademais de asistir ás reunións do grupo dedicado ao diálogo político coas institucións europeas.



ERRIN European Regions
Research and Innovation Network

A **Vanguard Initiative**, pola súa banda, é unha rede de cooperación interrexional, formada actualmente por 35 rexións, que se basea na utilización das estratexias de especialización intelixente das rexións para impulsar un novo crecemento a través da innovación empresarial e a renovación industrial en áreas prioritarias europeas. Mediante as súas asociacións e agrupacións forman ecosistemas que serven como catalizadores para as pemes innovadoras. GAIN asistiu ás reunións mensuais realizadas en Bruxelas, onde se presentan as novidades dos diferentes grupos de traballo e proxectos piloto que se están levando a cabo.

A finais de maio, visitou Bruxelas a directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Patricia Argerey Vilar, para reunirse con varios representantes da Comisión Europea (DG Research e DG Competencia), así como coa conselleira de Investigación da Representación de España ante a UE. O futuro programa de financiamento Horizon Europe, as axudas a grandes empresas e a creación de polos de innovación dixital en Galicia son algúns dos temas tratados durante as reunións.



A presenza de
GAIN en Bruxelas
ten por obxectivo
aumentar a
participación
galega en
proxectos
europeos de I+D+i
que achegan, non
só financiamento,
senón
coñecemento
competitividade á
economía galega

De novo en novembro, a directora da Axencia Galega de Innovación desprazouse ata Bruxelas para participar na asemblea política anual da Vanguard Initiative. Na devandita asemblea, informou aos membros sobre as accións de lobby que a iniciativa realizou durante este ano ante a Comisión Europea de fronte ao próximo Marco Financeiro Plurianual, así como sobre os instrumentos e ferramentas de financiamento europeo que poden desempeñar un importante papel no apoio aos investimentos e actividades de innovación interrexional.

Ademais da participación nestas redes, GAIN tamén participou en diferentes eventos organizados pola Comisión Europea, con especial atención aos Digital Innovation Hubs, e nas reunións que organiza habitualmente a Oficina Española de Ciencia e Tecnoloxía (SOST) en Bruxelas. Durante 2018, estas reunións centráronse, sobre todo, nas negociacións sobre os futuros programas Horizonte Europa e Europa Dixital, e na estratexia de especialización dentro da nova proposta sobre Política de Cohesión para o período 2021-2027.

No marco da Semana Europea das Rexións e Cidades 2018, GAIN organizou na sede da FGE en Bruxelas o **seminario “Como impulsar a adopción de tecnoloxías dixitais por parte das pemes”**, co obxectivo de sensibilizar ás rexións europeas sobre a estratexia da Comisión Europea posta en marcha en 2016 para dixitalizar a industria, complementando así as iniciativas nacionais neste ámbito. Calcúlase que as empresas aproveitan actualmente tan só de entre un 10 e un 15% do potencial que ofrecen as tecnoloxías dixitais. Para mellorar esta porcentaxe, os participantes no seminario abordaron os retos da transformación dixital e analizaron como utilizar os fondos europeos, principalmente FEDER, para impulsar e instaurar novos modelos de negocio, procesos da Industria 4.0 e tecnoloxías TIC nas pequenas e medianas empresas.

Este seminario englobábase dentro do proxecto europeo I4 MS-Going to Market Alliance, no que GAIN é responsable de establecer e coordinar o Consello Rexional Consultivo.



Integrantes do proxecto I4MS na sede da FGE



Asemblea política anual da rede Vanguard Initiative

A directora de GAIN visitou Bruxelas en dúas ocasións para manter reunións sobre o futuro programa de financiamento Horizonte Europa, as axudas públicas a grandes empresas e a creación de polos de innovación dixital en Galicia



4. Reunións de proxectos europeos con participación galega na sede da FGE

A FGE pon a disposición das entidades galegas que participan en proxectos europeos as instalacións da súa oficina en Bruxelas para o encontro cos socios e a organización de actos de difusión dos proxectos.

Deste xeito, a FGE acolleu en febreiro a reunión de lanzamento do proxecto Maritime Alliance for fostering the European Blue economy through a Marine Technology Skilling Strategy (MATES), que conta con ampla participación galega. Financiado a cargo da liña "Alianza polas Competencias Sectoriais dentro do programa Erasmus+", o proxecto está liderado polo Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR e participan a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME) e a empresa CT Enxeñeiros S.L. En total, conta cun total de 17 socios de 8 países europeos (Irlanda, Portugal, Reino Unido, Bélxica, Países Baixos, Italia e Grecia) co obxectivo de analizar a evolución das tecnoloxías marítimas en Europa para elaborar un plan estratéxico que mellore a competitividade da industria a través dunha adecuación dos programas de formacións actualmente existentes.


De novo en febreiro, a oficina da FGE en Bruxelas acolleu unha reunión dos socios do proxecto **Empattics**, financiado polo programa europeo de I+D+i Horizonte 2020, no que participa como unha das administracións licitadoras, a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS).

Empattics (EMpowering PATients for beTTER Information and improvement of the Communication Systems) ten como obxectivo incrementar a concienciación e o coñecemento sobre a adherencia terapéutica, así como mellorar a información para o autocoidado dos pacientes.



A finais de maio, a oficina da FGE en Bruxelas serviu como escenario para a primeira reunión do Consello Rexional Consultivo do proxecto europeo **I4 MS-Going to Market Alliance**. Este proxecto enmárcase dentro da iniciativa europea **I4MS-ICT Innovation for Manufacturing SMEs** (Innovación dixital para as pemes do sector industrial), que ten como finalidade apoiar ás pemes no uso xeneralizado das TIC e ofrecerlles apoio tecnolóxico e financeiro para realizar pequenos experimentos de innovación dixital nos seus negocios. GAIN é responsable neste proxecto de establecer e coordinar un consello rexional consultivo.

A principios de outubro, a Fundación Galicia Europa acolleu unha segunda reunión deste Consello Consultivo Rexional do Proxecto I4 MS-Go.



Unha das catro EDAR galegas que participaron no proxecto Enerwater para mellorar a eficiencia enerxética no tratamento das augas residuais

A FGE acolleu a celebración de cinco reunións de proxectos europeos con participación galega nos ámbitos da saúde, a formación, a dixitalización e a eficiencia enerxética

Tamén en outubro, outros proxectos europeos con participación galega celebraron senllos actos na FGE. Por unha banda, o **proxecto PrimeFish**, tamén liderado por CETMAR, organizou un seminario centrado na estratexia de Crecemento Azul e dirixido aos xestores públicos europeos, no que interviñeron representantes das direccións xerais de Investigación e de Asuntos Marítimos da Comisión Europea. Tras máis de 35 reunións celebradas con diferentes actores, abordouse como integrar as conclusións alcanzadas na estratexia política europea para que formen parte das recomendacións dadas aos Estados membros. Os asistentes abordaron diferentes cuestións como o posicionamento da industria ante a etiquetaxe e as certificacións, o impacto do consumo de peixe na saúde dos consumidores ou a explotación por parte da industria das ferramentas de análises de mercado desenvoltas por PrimeFish.

Por outra parte, tivo lugar a conferencia final do proxecto Enerwater, financiado polo programa de Investigación e Innovación da Comisión Europea Horizonte 2020 e coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela.

Nesta conferencia, ademais de presentar os principais resultados do **proxecto Enerwater**, centrado no desenvolvemento integral dunha metodoloxía para avaliar e etiquetar a eficiencia enerxética das estacións depuradoras de augas residuais (EDAR), celebrouse unha mesa redonda con representantes destacados dos sectores da auga e a enerxía, como Andrea Rubini, Director de Operacións da Plataforma Europea de Tecnoloxía da auga (WssTP), e Bertrand Vallet, responsable de Políticas na Federación Europea de Asociacións Nacionais de Servizos de Auga (EurEau).



Primera reunión do proxecto I4MS sobre dixitalización das empresas do ámbito industrial



Reunión do proxecto PrimeFish con responsables da Comisión Europea



III. INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA

O portal web da Fundación Galicia Europa é a plataforma fundamental para a difusión de noticias sobre a FGE, así como da actualidade europea ligada aos intereses galegos. Nos últimos anos, a FGE fai uso das redes sociais para difundir o contido da súa páxina e atraer visitas.

A web conta, ademais, cun apartado específico sobre financiamento comunitario, no que se recolle un resumo dos programas existentes, as convocatorias que se publican en cada un deles e anuncios de entidades que buscan socios para presentarse ás convocatorias.

Portal Web www.fundaciongaliciaeuropa.eu

Balance do sitio web da FGE (www.fundaciongaliciaeuropa.eu):

un total de **30.800 visitas**, que da unha media de **84 visitas por día**.



Usuarios:
+ 34,22 %
(14.023 fronte a 10.448)



Usuarios novos:
+ 34,81 %
(13.725 fronte a 10.181)



Sesions:
+ 53,04 %
(30.846 fronte a 20.155)



Número de sesións por usuario:
+ 14,03 %
(2,20 fronte a 1,93)



Número de visitas a páxinas:
+ 37,70 %
(102.320 fronte a 74.307)




Páxinas/sesión:
- 10,03 %
(3,32 fronte a 3,69)



Duración media da sesión:
+ 6,19 %
(00:03:40 fronte a 00:03:27)



Porcentaxe de rebote:
-1,30 %
(45,29 % fronte a 45,88 %)



Publicacións na web



75

noticias sobre a FGE e a participación galega en asuntos comunitarios



65

noticias referidas á actualidade da UE desde unha perspectiva galega




45

fichas-resumo de convocatorias abertas polos programas de financiamento europeo



18

Anuncios de procuras de socios por parte de entidades que queren presentar un proxecto



2.471

subscritores ao boletín quincenal de alertas da web

Redes Sociais

Durante este ano, a FGE reforzou a comunicación a través das redes sociais, establecendo un uso máis diferenciado entre elas. Deste xeito, aumentou o número de seguidores en todas as redes nas que a FGE está presente:



201 novos seguidores
(Total: 1.706).



149 novos seguidores
(Total: 1.786).



426 novos seguidores en LinkedIn
(Total: 1.346)

Revista ECO

A FGE mantivo a súa colaboración coa publicación mensual ECO-Revista do Eixo Atlántico co obxectivo de explicar a actualidade comunitaria en Galicia. Ao longo do ano publicáronse 9 artigos tocando diferentes áreas de interese, desde o futuro orzamento da UE ata a economía circular pasando por un artigo conmemorativo dos 30 anos de Galicia na UE, e por outro, sobre a posible repercusión do Brexit na nosa comunidade autónoma.

Posta en marcha da web brexitgalicia.eu

Coincidindo co lanzamento do Foro Galego do Brexit en abril, un mes antes púxose en marcha un sitio web propio para seguir recollendo e dar máis visibilidade a toda a información sobre o proceso de saída de Reino Unido da UE analizada desde unha perspectiva galega. Esta nova web da continuidade á sección específica do Brexit creada en 2017 na web da FGE.

Ademais de estudos e documentos de posición e de negociación, publicáronse as noticias máis relevantes deste proceso facendo fincapé no proceso de preparación e os plans de continxencia adoptados a nivel europeo e nacional ante unha posible saída sen acordo.

Para difundir o contido desta web e fomentar o debate en Galicia, creouse igualmente o perfil @BrexitGalicia en Twitter, cuxo muro se inclúe na portada da web.



A web do Foro Galego do Brexit en cifras

53

NOTICIAS

11

ESTUDOS

14

DOCUMENTOS
DE POSICIÓN

7

DOCUMENTOS
DE NEGOCIACIÓN



IV. FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE LA REALIDAD DE EUROPEA



1. Posta en marcha do Foro Galego do Brexit

Tal e como se acordou a finais de 2017 no padroado da FGE, en 2018 lanzouse o Foro Galego do Brexit co obxectivo de fomentar o debate e o intercambio de información entre os principais actores económicos e sociais de Galicia. Para iso, lanzouse unha páxina web específica (ver apartado III) e organizáronse tres actos en Santiago e Bruxelas.

A inauguración, celebrada o 30 de abril no Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela, correu a cargo do propio **presidente da Xunta e do embaixador representante permanente de España ante a Unión Europea, Pablo García Berdoy**. O acto, que congregou a uns 300 asistentes, entre eles a preto dun centenar de representantes de distintos organismos (asociacións empresariais, universidades, administración pública...), abordou o posible impacto do Brexit en sectores como o téxtil, a conserva e a automoción, ademais do pesqueiro. García Berdoy deu conta do estado das negociacións entre Reino Unido e a Unión Europea desde a perspectiva española.

A segunda xornada deste foro tivo lugar apenas un mes despois na Cámara de Comercio de Santiago baixo o título **“Como facer negocios no Reino Unido e consecuencias do Brexit”**, onde se explicou a varias empresas compostelás a importancia do fluxo comercial entre Reino Unido e España e as distintas formas posibles para acceder ao mercado británico, á espera de que se decida a futura relación entre este país e a UE.

O acto de inauguración do Foro Gallego do Brexit congregou en Santiago de Compostela a un centenar de representantes da sociedade galega interesados pola futura saída do Reino Unido da UE



O presidente da Xunta de Galicia durante a inauguración do Foro Galego do Brexit



Segundo acto do Foro na Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

A finais do mes de novembro, coincidindo cunha nova edición de TecEuropa, a Fundación Galicia Europa organizou en Bruxelas un novo debate sobre a saída do Reino Unido da UE cos 40 profesionais galegos participantes no curso de especialización en financiamento comunitario.

O acto contou coa presenza do conselleiro encargado do Brexit na Representación Permanente de España ante a UE, Ricardo Díez-Hochleitner, quen resumiu o ano e medio de negociacións que conduciron ao acordo de retirada. A pesca, de maior interese para Galicia, tivo especial relevancia neste encontro. O conselleiro explicou así como Reino Unido seguiría sendo membro da política común de pesca durante o período de transición no caso de que o Acordo de Retirada fose avalado polo parlamento británico. Durante ese período, Reino Unido só sería consultado á hora de distribuír as cotas pesqueiras. Isto significa que a frota europea podería seguir pescando en augas británicas ata o final de 2020, unha etapa de transición que podería prorrogarse ata o ano 2022.



Terceiro seminario do Foro celebrado en Bruxelas

En 2018, a FGE
organizou
tres actos no
marco do Foro
Galego do Brexit
para abordar
as posibles
repercusións
do Brexit na
economía galega



2. Outros foros sobre Europa en Galicia

En 2018, Galicia acolleu a celebración de catro **"Cafés con Europa"**, un espazo de conversa sobre a Unión Europea dirixido aos mozos e organizado polas representacións da Comisión Europea e o Parlamento Europeo en España nas localidades de **Ribeira, Monforte de Lemos, Ponteareas e Verín**. O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, e a conselleira do mar, Rosa Quintana, foron algúns dos protagonistas destes foros con xente nova que, ademais, ían seguidos de debates sobre o futuro de Europa nos que participaban cidadáns de todas as idades.

En abril, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participou no Programa Escola Embaixadora do Parlamento Europeo cunha charla no IES Valle Inclán de Pontevedra. Jesús Gamallo centrou a súa charla na participación de Galicia en asuntos europeos, en particular, a través do seu traballo no Comité Europeo das Rexións.

De novo en xullo, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, e a directora xeral de Mocidade, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, reuníronse en Santiago de Compostela cos 130 participantes do Parlamento Europeo dos Mozos en España (EYP nas súas siglas en inglés), que celebrou o seu quinto foro internacional nas cidades de Santiago e Vigo. Esta organización promove o desenvolvemento de pensamento crítico e de iniciativa socio-política por parte dos mozos como unha forma de darlles voz nos temas de actualidade europea. Na súa conversa cos mozos, Jesús Gamallo, resaltou como, nun momento como o actual, resulta fundamental que os máis novos involúcrense no proxecto de construción europea.



Participantes no 5º Foro Internacional EYP-España celebrado en Santiago de Compostela e Vigo



Jesús Gamallo no IES Valle Inclán de Pontevedra



3. Programa de bolsas FGE

A formación en asuntos europeos é un dos catro ámbitos de actuación da Fundación Galicia Europa. Desde a creación desta entidade, medio milleiro de mozos beneficiáronse dunha destas bolsas, o que hoxe permite contar cunha rede de profesionais en asuntos europeos en varios organismos e institucións europeas e galegos.

A mediados de marzo, **seis novos bolseiros** incorporáronse ás oficinas da FGE de Bruxelas e Santiago para facer prácticas durante 11 meses. Un total de 79 aspirantes formaron parte do proceso de selección, concedéndose as prazas en réxime de concorrencia competitiva. As bolsas para titulados universitarios, cinco en total, teñen por obxecto que os beneficiarios se formen no seguimento e a comunicación das políticas comunitarias que máis afectan a Galicia. A bolsa para titulados de formación profesional proporciona a posibilidade de realizar prácticas no campo do secretariado de dirección familiarizándose, así mesmo, co funcionamento da Unión Europea e as súas institucións.

A Fundación conta ademais con outra convocatoria de **bolsa destinada á formación de titulados universitarios no ámbito da I+D+i** que lanzou, por terceiro ano consecutivo, xunto á Axencia Galega de Innovación (GAIN). A persoa seleccionada de entre os 29 aspirantes incorporouse á oficina de Bruxelas a principios do mes de marzo.

Por primeira vez, desde o mes de decembro e por un período de 10 meses, a Fundación Galicia Europa colabora nun programa de **formación especializado en promoción turística a nivel europeo**. Grazas ao acordo de colaboración asinado con Vicepresidencia e Turismo de Galicia, a oficina da FGE en Bruxelas acolle a un bolseiro que dispón dun titor asignado por Turismo de Galicia, ademais do apoio do persoal da FGE para o seguimento de políticas comunitarias e oportunidades de financiamento relacionadas coa promoción do turismo.



Benvida por parte do director da FGE ás bolseiras de 2018

Nos seus
30 anos de
existencia,
preto de
500 persoas
beneficiáronse
dunha bolsa
da FGE para
formarse
en asuntos
europeos



4. Visitas de grupo a Bruselas

Ademais do apoio formativo a través das bolsas, a Fundación Galicia Europa acolle visitas de grupos nas súas oficinas ás que explica o traballo realizado pola propia entidade, así como o funcionamento das institucións comunitarias e os seus programas.

Con este obxectivo, a finais de maio, a FGE recibiu a **visita dun grupo de estudantes do Máster en Democracia e Goberno da Universidade Autónoma de Madrid (UAM)**. A asesora técnica de asuntos europeos na oficina de Bruxelas foi a encargada de recibilos e explicarlles as catro áreas de actuación da Fundación Galicia Europa: defensa dos intereses galegos ante as institucións europeas, informar sobre a Unión Europea en Galicia, formar e sensibilizar en asuntos europeos, e proporcionar asesoramento sobre financiamento comunitario.

En xuño, a FGE recibiu tamén a visita dunha comitiva do Partido Socialista de Galicia (PSdG) para coñecer de primeira man o labor realizado en defensa dos intereses dos galegos ante as institucións europeas. A directora da oficina en Bruxelas, Ana Ramos, foi a encargada de explicar o funcionamento da entidade así como das principais áreas de actuación como son a política de cohesión, a política pesqueira e agraria común, o reto demográfico ou o Corredor Atlántico.

O secretario xeral do PSdG, Gonzalo Caballero, e o portavoz parlamentario do partido, Xoaquín Fernández Leiceaga, acudiron a esta visita acompañados polo eurodeputado socialista José Blanco.



Alumnos do Máster en Democracia e Goberno da UAM na súa visita á FGE



Ana Ramos explica aos máximos responsables do PSdeG o labor desenvolto pola FGE en Bruxelas



5. Orientación laboral a mozos no ámbito comunitario

A FGE participou en cinco eventos para informar sobre as oportunidades laborais e de formación que ofrecen as institucións europeas, onde tamén deu a coñecer as propias bolsas de formación da FGE e a súa Guía de prácticas e saídas profesionais na Unión Europea e en organismos internacionais. As máis de 130 oportunidades de traballo, formación e prácticas poden consultarse na web guías.fundaciongaliciaeuropa.eu

Abril

“Saídas profesionais e oportunidades de prácticas en organizacións internacionais e institucións da Unión Europea”. Máster de Estudos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela.
Xornada Móvete. Universidade de Santiago de Compostela.

Junio

Primeira Feira de Emprego. Centro UNED A Coruña.

Octubre

Programa integrado de emprego Tambre Traballa III.

Noviembre

Xornadas Móvete. Universidade de Santiago de Compostela.





Índice de siglas

BEI	Banco Europeo de Inversións
CAA	Comisión do Arco Atlántico
CCAA	Comunidades Autónomas
CdR	Comité Europeo das Rexións
CIVEX	Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores do Comité Europeo das Rexións
CORE	Colaboración das Oficinas Rexionais Españolas en Bruxelas
CRPM	Conferencia de Rexións Marítimas Periféricas de Europa
DG	Dirección Xeral
DG AGRI	Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea
DG ENV	Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea
DG MARE	Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea
DG MOVE	Dirección Xeral de Mobilidade e Transportes da Comisión Europea
DG REGIO	Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión Europea
DG RESEARCH	Dirección Xeral de Investigación e Innovación da Comisión Europea
DXREUE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia
DCRN	Demographic Change Regions Network (Rede de rexións afectadas polo cambio demográfico)
EEMM	Estados membros da Unión Europea
EPSCO	Consello de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores
ESPON	Observatorio Territorial Europeo
EYCS	Consello da Unión Europea de Educación, Mocidade, Cultura e Deporte
FEADER	Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
FEMP	Fondo Europeo Marítimo e de Pesca
FGE	Fundación Galicia Europa
FREMSS	Fundación Rendemento Económico Mínimo Sustentable e Social
FSE	Fondo Social Europeo
GAIN	Axencia Galega de Innovación
I+D+i	Investigación, Desenvolvemento e Innovación
MCE	Mecanismo Conectar Europa
MFP	Marco Financeiro Plurianual
NAT	Comisión de Recursos Naturais do Comité Europeo das Rexións
NECSTouR	Rede de Rexións por un Turismo Sustentable e Competitivo
PAC	Política Agraria Común
PE	Parlamento Europeo
POCTEP	Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal
PPC	Política Pesqueira Común
REPER	Representación Permanente de España ante a UE
RTE-T	Rede Transeuropea de Transporte
TAC	Totais Admisibles de Capturas
TIC	Tecnoloxías da Información e a Comunicación
UE	Unión Europea
UDC	Universidade da Coruña
USC	Universidade de Santiago de Compostela

CRÉDITOS DAS FOTOGRAFÍAS DA MEMORIA FGE 2018

A maior parte das imáxenes empregadas nesta memoria anual da Fundación Galicia Europa son propias. Por tanto, gran cantidade dos dereitos de autor pertencen a propia entidade do sector público galego. No obstante, hai certas excepcións, as cales listanse a continuación por orden de páxina:

Portada: Banco de imáxenes Pixabay

Páxina 16: © European Union / Patrick Mascalart

Páxina 17: © European Union / Fred Guerdin

Páxina 18: © European Union / Daniela De Lorenzo

Páxina 18, 22, 23, 25, 26, 27, 28, 32, 40, 67, 70, 72: © Xunta de Galicia

Páxina 32: © European Union / John Thys

Páxina 32, 34: © European Union

Páxina 34: © Ministerio de Fomento

Páxina 39, 40: © Conferencia de Regiones Periféricas e Marítimas (CRPM)

Páxina 44: © Asociación Belga de Amigos de Santiago de Compostela

Páxina 53: © Mostra e encontro da xuventude emprendedora Galicia-Norte de Portugal (MeXe 2018).

Páxina 53: © Ruta Atlántica, 'Road Trip Project' (DG REGIO)

Páxina 58: © Proxecto MATES (Cetmar)

Páxina 58: © Espina e Delfín

Páxina 76: © Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) A Coruña



fundación
GALICIA EUROPA



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018

